



DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente 777/2022 relac 192/2022

BASES E CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PRAZAS DE SOCORRISTAS PARA FOMENTO DE EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS, POLA ORDE DO 7 DE XANEIRO DE 2022 (DOG Núm. 21 , do 1 de febreiro de 2022).

Vista a concesión de subvención ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022. (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022).

, por importe de 4.092,12 euros.

Esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar as seguintes bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de DUAS prazas de SOCORRISTAS, para a realización do servizo denominado “socorristas para verán 2022”.

Base primeira.- Obxecto

A Consellería de Emprego e Igualdade concedeu ao Concello de Pazos de Borbén unha subvención para levar a cabo o proxecto “Socorristas para verán 2022”, por importe de 4.092,12 euros ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022. (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022). De acordo coa subvención, o Concello de Pazos de Borbén debe contratar persoas desempregadas, inscritas no Servizo público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato), para o cal débese presentar a correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo.

Base segunda.- Tipo de contrato

Estas bases regulan o proceso de selección para contratar, con carácter laboral temporal DOUS SOCORRISTAS.

Duración: determinada, durante 2 (dous) meses, xornada parcial de 25 h semanais.

Categoría profesional de oficial baixo a calificación de “socorrista de instalacións acuáticas”, grupo de cotización 8.

As retribucións salarias son:

ANDRES IGLESIAS RODRIGUEZ (1 para 2)
Identificador de Documento: 27/05/2022
Data de Sinalatura: 27/05/2022
HASH: d8fe41892419b16f6b6e7b1f5c8db1eb2



JUAN FRANCISCO SÁNCHEZ GONZÁLEZ (2 para 2)
Identificador de Documento: 27/05/2022
Data de Sinalatura: 27/05/2022
HASH: 2b6e6008b481433ba0e04e6e7ba281b9



DECRETO

Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022



Cod. Validación: ZER7EDA33J69R4RS5Z7QFRLS | Corrección: https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 12



Salario bruto incluída pagas extraordinarias.....=858,26 €
SS a cargo da empresa.....= 297,85€

Base terceira.-Prazas.

DUAS prazas de SOCORRISTAS para realización do servizo “socorristas par verán 2022” ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022. (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022)..

Base cuarta.-Publicidade do procedemento.

Para garantir o principio de publicidade, ademais da solicitude de oferta a Oficina do Servizo Público de Emprego de Redondela, publicaranse as bases desta convocatoria na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

Base quinta.-Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos na realización do proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír na data de finalización da presentación de solicitudes, e manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumprido dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.
- d) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- e) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- f) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

Base sexta.-Requisitos a cumprir segundo a subvención pola cal se solicita os fondos:

a) De acordo co artigo Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022. (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022). o Concello de Pazos de Borbén debe contratar persoas persoas desempregadas e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de

DECRETO

Data: 27/05/2022

Número: 2022-0277





Galicia como demandante non ocupado e que estea dispoñible para o emprego, tanto no memento da selección como no momento da formalización do contrato (situación que se acreditará cunha declaración xurada por parte da persoa).

b) Estar inscrito/a no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección correspondente a socorristas de instalacións acuáticas ou no seu defecto, ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección correspondente a socorristas de instalacións acuáticas e presentada a declaración responsable do cumprimento dos requisitos par ao exercicio da actividade de socorrismo, que deberá acreditar se mediante copia do documento da solicitude presentada dirixida a Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública e copia do documento da declaración presentada. Todo isto, de conformidade co Decreto 104/2022 de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, modificado polo Decreto 35/2017, de 30 de marzo de 2017.

c) Non ter sido contratado con cargo á axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdadea no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro , por un período igual ou superior a 6 meses (situación que acreditará cunha declaración responsable).

Base séptima.-Prazo de presentación das solicitudes e documentación.

Os aspirantes que se relacionen no listado remitido polo SEPE, podrán presentar a súa solicitude en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén, anexo I, como data máxima 17 de xuño de 2022.

A instancia deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- Copia cotexada do DNI.
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- Copia cotexada de estar inscrito/a no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección correspondente a socorristas de instalacións acuáticas ou no seu defecto, ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección correspondente a socorristas de instalacións acuáticas e presentada a declaración responsable do cumprimento dos requisitos par ao exercicio da actividade de socorrismo, que deberá acreditar se mediante copia do documento da solicitude presentada dirixida a Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública e copia do documento da declaración presentada.
- Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente, incluída na solicitude.
- Documentación xustificativa dos criterios socio-laborais de inserción
- Declaración responsable de non ter sido contratado con cargo á axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no

DECRETO
Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022





ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro , por un período igual ou superior a 6 meses.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello (Lg de Pazos nº52. 36841 Pazos de Borbén) en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de correos antes de ser certificadas. No caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir por fax, ao número 986.49.71.46, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo do solicitude, aos efectos de que poida ser incluída na relación de aspirantes ao proceso.

Será esixido no momento da contratación a certificación negativa de delinquentes de natureza sexual, en caso contrario no se realizará a contratación, pasando ao seguinte da lista de propostos para o posto pola comisión seleccionadora.

Base oitava.- Procedemento de selección.

O proceso de selección contará con dúas fases:

Fase A: consistirá nunha valoración de criterios de inserción socio-laboral, segundo o artigo 14.5 da ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351A).

a. MULLERES, EN ESPECIAL, VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO:

Muller: 0,20 puntos

Vítima violencia de xénero: 0,30 puntos

A muller vítima de violencia de xénero (de se-lo caso) acreditarase consonte a seguinte documentación:

- Fotocopia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- Informe dos servizos sociais, sanitarios de administración pública, autonómicos ou locais.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

b. MAIORES DE 45 ANOS 0,20 PUNTOS

O criterio de ser maior de 45 anos (de se-lo caso) acreditarase co DNI.

DECRETO

Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022





c. MENORES DE 30 ANOS, EN ESPECIAL AS PERSOAS DEMANDANTES DO PRIMEIRO EMPREGO OU AQUELAS SEN CUALIFICACIÓN PROFESIONAL

Menores de 30 anos 0,20puntos

Menores de 30 anos que sexan demandantes do primeiro emprego 0,30 puntos

Menores de 30 anos sen cualificación profesional 0,30 puntos.

O criterio de ser menor de 30 anos (de se-lo caso) acreditarase co DNI.

O criterio de persoas demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional acreditarase con certificado expedido polo Servizo público de emprego.

d. PERSOAS PARADAS DE LONGA DURACIÓN 0,20 PUNTOS

Aos efectos destas bases, considérase persoa desempregada de longa duración aquelas persoas inscritas ininterrumpidamente na oficina de emprego, como demandante de emprego durante 12 ou mais meses. Considérase interrompida a demanda si se traballou un período acumulado de 90 ou mais días nos 365 anteriores a data de solicitude de presentación ao proceso selectivo.

O criterio acreditarase (de se-lo caso) con certificado expedido polo Servizo Público de Emprego.

e. PERSOAS CON DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%, 0,20 puntos.

Acreditarase coa certificación correspondente.

f. PERSOAS DESEMPREGADAS QUE ESGOTASEN AS PRESTACIÓNS E SUBSIDIOS POR DESEMPREGO AS QUE TIVISEN DEREITO 0,20 PUNTOS

Acreditarase coa certificación emitida polo Servizo Público de Emprego.

g. INTEGRANTES DE COLECTIVOS DEFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (ESPECIALMENTE PERSOAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA)

Integrantes desfavorecidas ou en risco de exclusión social 0,20 puntos

Persoas perceptoras da renda de exclusión social de Galicia 0,30 puntos

h. MENOR NIVEL DE PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

Protección de 1 a 3 meses incluídos por desemprego 0,20 puntos

Protección de 3 a 6 meses incluídos por desemprego 0,10 puntos

Acreditarase con certificación ou informe do Servizo Público de Emprego.

i. POR CARGAS FAMILIARES

Acreditarase coa fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia e declaración responsable de que a persoa que está a cargo non percibe ingresos, según o caso.

Por cada fillo menor de 26 anos	0,10puntos
Por cada fillo con discapacidade	0,10puntos
Por cada persoa maior incapacitada	0,10puntos
Por cada menor en acollemento	0,10puntos
Por cónxuxe a cargo	0,10puntos

DECRETO
Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022





Fase B: Proba práctica, de carácter obrigatorio. Consistirá nunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación o posto de traballo e terá unha valoración máxima de 4 puntos.

A proba práctica realizarase o 20 de xuño de 2022 ás 12:00 na piscina municipal de Moscoso, municipio de Pazos de Borbén.

Os aspirantes deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora causa que lles impedira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

A participación neste proceso selectivo suporá, por parte dos solicitantes, a súa aceptación a formar parte da devandita lista enviada polo SEPE, nos termos da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, previstos na Lei Orgánica 15/99 de Protección de Datos de Carácter Persoal, e informámoslle que os seus datos persoais serán rexistrados nos ficheiros automatizados do CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN “FICHEIRO DE SELECCIÓN DE PERSOAL” (BOPPO N°98, 23/05/2012), coa finalidade de xestionar a súa solicitude no proceso de selección. Mediante a facilitación dos seus datos persoais, os titulares dos mesmos consenten expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación do proceso selectivo no que solicita participar e xestionar a lista de reserva, chamamentos e nomeamentos que se deriven da mesma. Os seus datos non poderán ser cedidos, salvo cesións previstas na Lei. En todo momento poderá usar os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación, oposición mediante un escrito dirixido a Concello de Pazos de Borbén, Rúa Pazos nº 52 - 36841 - Pazos de Borbén (Pontevedra) ou por e-mail a concello@pazosdeborben.org, achegando en ambos os casos copia do D.N.I.

Si algunha das persoas incluídas na oferta solicita que non se inclúan os seus datos no citado ficheiro non poderá continuar no proceso de selección.

Base novena.-Tribunal cualificador.

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e 59 da lei 2/2015 do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a: Jose Antonio Lorenzo Pérez (funcionario do Concello de Pazos de Borbén).

Secretario/a: Maria Rosario Sánchez González (funcionario do Concello de Fornelos).

Vogais: Vanesa Bullosa Peralba (funcionaria do Concello de Fornelos de Montes)

DECRETO

Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022





Silvia Suárez Martínez (persoal laboral fixo do Concello de Soutomaior).
Raquel Villaverde Acuña (persoal laboral fixo do Concello de Soutomaior).

Suplentes:

Presidente/a: Jose Manuel Soto Virulegio (funcionario do Concello de Pazos de Borbén).

Secretario/a: Roberto Carlos Costa Tellado (funcionario do Concello de Pazos de Borbén).

Vogais: Alejandro Reguera Varela (funcionario do Concello de Pazos de Borbén).

María Begoña Tellado Míguez (funcionaria do Concello de Pazos de Borbén).

David Rial Sobrino (persoal laboral fixo do Concello de Pazos de Borbén).

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Alcalde cando concorran neles algunha circunstancia previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da citada Lei 40/2015.

Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida e de conformidade co previsto no 29 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de Indemnizacións por razón de servizo

Base décimo primeira.- Cualificación definitiva.

A cualificación dos aspirantes virá determinada pola suma dos puntos obtidos nas fases de criterios socio-laborais e a proba práctica fixados na base oitava.

No prazo de 2 días hábiles seguintes á publicación nos lugares establecidos na base cuarta, as persoas aspirantes poderán presentar reclamacións contra o resultados podendo achegar, en concepto de emenda e para a súa valoración aqueles documentos que acrediten méritos alegados e insuficientemente xustificadas polos interesados na documentación alegada coa instancia de participación. En ningún caso se terán en conta outros méritos distintos dos alegados inicialmente polas persoas aspirantes na súa instancia de participación.

A Resolución definitiva das persoas aspirantes estará determinada pola puntuación final obtidas nas dúas fases de valoración.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas candidatas na lista de reserva, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase da proba práctica e se isto non fose abondo, pola puntuación obtida na fase de criterios socio-laborais.

Base décimo segunda.- Relación de aprobados.

Unha vez realizadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará nos lugares establecidos na base cuarta, a relación, por orde de puntuación, das persoas aspirantes que aprobaron o proceso selectivo.

Base décima terceira.- Lista de reserva.

DECRETO
Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022





Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, con validez de dous meses contados dende o inicio da contratación obxecto destas bases.

Base décimo terceira.- Carácter vinculante das bases e incidencias.

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, o tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo. O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá optar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Base décimo cuarta.- Disposición final.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A administración Municipal tamén poderá, no seu caso, revisalas resolucións do tribunal segundo o previsto na Lei 39/2015.

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES SOCORRISTAS, DENTRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

Nome _____ Apelidos _____

DNI _____ Data de nacemento _____

Enderezo _____ Nº _____
Piso _____

Poboación _____ Provincia _____
C.P. _____

Teléfonos de contacto: _____ / _____

E-mail : _____

Documentación:

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI
- FOTOCOPIA DA TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO
- COPIA COTEXADA DE ESTAR INSCRITO/A NO REXISTRO PROFESIONAL DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS DE GALICIA
- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS SOCIO-LABORAIS

DECRETO

Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022





O _____
O _____
O _____
O _____
O _____
O _____

Así mesmo declaro por medio da presente e baixo a miña responsabilidade que :

- a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- c) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- d) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.
- e) Non ter sido contratado con cargo á axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro , por un período igual ou superior a 6 meses.

Sinatura do/a solicitante

En Pazos de Borbén, a _____ de _____ de 2022

A/ATT. DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PAZOS DE
BORBÉN

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

Información básica sobre protección de datos

Responsable: Concello de Pazos de Borbén

Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.

DECRETO
Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022





Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.

Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección: <http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/privacy>

Presto o meu consentimento para que os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña poidan ser utilizados para o envío de información de interese xeral

Información básica sobre protección de datos nota 6
Responsable Concello de Pazos de Borbén

Finalidade Principal: Informar sobre as actividades que se realizan polo Concello de Pazos de Borbén

Lexitimación: Consentimento

Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/privacy#note6>

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Firma

DECRETO
Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022





En Pazos de Borbén, _____ de _____ de 20__

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

Información básica sobre protección de datos

Responsable: Concello de Pazos de Borbén

Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.

Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.

Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección: <http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/privacy>

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Firma

En Pazos de Borbén, _____ de _____ de 20__

Segundo. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

Terceiro.- Solicitar o Servizo Público de Emprego de Galicia mediante a presentación da correspondente oferta nos modelos normalizados para os efectos 10 persoas por posto.

DECRETO
Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

Mándaos e asínoas o Sr. Alcalde de Pazos de Borbén,

O DECRETOU O SR. ALCALDE-PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU SECRETARIO-INTERVENTOR DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL Á MARXE.

DECRETO

Número: 2022-0277 Data: 27/05/2022



Cod. Validación: ZER7EDA33J69R4RS5Z7QFRLS | Corrección: <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12